



A túa innovación marca o camiño

Programa de
**IMPULSO
Á INNOVACIÓN**
nas pemes

**IDENTIFICAR
OS RETOS DE
INNOVAR
FACENDO AS
PREGUNTAS
CORRECTAS**



XUNTA
DE GALICIA

POR QUE INNOVAR NO MODELO DE NEGOCIO?



Facer cambios no modelo de negocio é unha das formas de innovar máis común nas empresas de calquera tamaño en calquera lugar do mundo.



Permite adaptarse ás novas necesidades dos clientes e aos cambios do mercado para xerar así máis ingresos e ser máis competitivos.

COMO SE FAI?




Unha das ferramentas máis útiles e prácticas é o chamado "cadro do negocio" (*business canvas*): trátase de formularlle ao equipo as preguntas correctas para realizar unha radiografía da empresa e identificar así os puntos que se poden cambiar para funcionar mellor.



É unha fórmula ideal para que as pequenas e medianas empresas detecten os seus puntos a mellorar, que non son outra cousa que oportunidades para innovar.

FAI A RADIOGRAFÍA DO TEU NEGOCIO PARA CHEGAR ÁS TÚAS PRIORIDADES DE INNOVACIÓN



ELAS, EMPRESAS GRANDES E PEQUENAS, XA O PUXERON EN PRÁCTICA



SPOTIFY

En 2006, a idea dun mozo sueco de propoñer aos selos discográficos regalar a súa música para unha reprodución dixital sen interrupcións foi rexeitada repetidamente. Hoxe, Spotify é o servizo de música en *streaming* máis grande do mundo, con 155 millóns de suscriptores e 345 millóns de usuarios en 170 países.



HIJOS DE RIVERA

A cervexeira responsable do éxito de Estrella Galicia reforzou en 2017 a súa aposta pola innovación e a transformación dixital creando un equipo de dedicación exclusiva. MOVE concibiuse como unha unidade de negocio clave para adiantarse aos cambios e manter unha posición de vangarda no mercado.



ALDEA DO MAZO

Aldea do Mazo é un claro exemplo de proceso de descubrimento innovador para superar o modelo obsoleto do turismo rural a partir das verdadeiras demandas dos usuarios.

TMC CANCELA

TMC Cancela reinventou o sector da maquinaria pesada investindo na dixitalización da fábrica e en deseño, tanto de produto como de marca.

AEROCÁMARAS

Aerocámaras está abrindo novos nichos de mercado mediante o uso innovador dos drones, como a entrega de mercadorías a iates e grandes barcos no mar.



Accede a todos os cadernos para saber máis sobre innovación.



Coñece as historias de éxito de innovación protagonizadas por pemes galegas.

Contacta con nós para poñer en marcha o voso propio proceso innovador.

Programa de impulso á innovación nas pemes

Axencia Galega de Innovación

981 957 008

servizos.gain@xunta.gal

Rúa Airas Nunes s/n

15702 – Santiago de Compostela

<http://gain.xunta.gal>

